



CONCELLO  
DE  
CABANAS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA  
O 31 DE DECEMBRO DE 2016.

Concelleiros asistentes:

D. Manuel González López  
D. Julián Ramón Seijas Criado.  
D<sup>a</sup>. Esperanza Gayoso Pereiro.  
D. Javier Fernández Brage  
D. Delfín Feal Pereira.  
D. Carlos Ladra Brage  
D<sup>a</sup>. Concepción Rodríguez Ferreiro  
D. Iago Varela Martínez.  
D<sup>a</sup>. María Eva García Amor  
D. Xosé Manuel Pérez Sardiña

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dez horas do día trinta e un de decembro de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde Germán Castrillón Permy, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario titular Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, procédese a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE CABANAS. Visto o expediente tramitado para modificación da Relación de Postos de Traballo do concello de Cabanas, do que resulta:

Que por Providencia da Alcaldía de data 27 de decembro de 2016, propónse ó concello de Cabanas a modificación da Relación de Postos de Traballo do concello de Cabana, para aplicar o complemento de condicións ambientais ao posto de Traballadora Social con motivo das condicións de desenvolvemento das funcións do posto de traballo en axuda no fogar e no punto de atención á infancia de As Viñas .

Visto as funcións do posto recollidas na vixente RPT e o ditame da Comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Persoal de data 28 de decembro de 2016.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira indica que sempre avogaron por un recoñecemento dos esforzos laborais, pensa que inda que os complementos se rexen por distintas normas, a retribución é un pouco escasa con respecto a outra xente que tivo esas revalorizacións, bota en falta que non se poida aumentar as horas a outra traballadora de servizos sociais, a asistencia social é un pilar importante na sociedade, imaxina que se poderá seguir incidindo para que isto se vaia reconducindo.

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez critica a forma de facer as cousas polo PP, baixo o título de modificación da RPT é a proposta da Alcaldía de subirllo o soldo discrecionalmente a traballadora social mediante aplicación do complemento de condicións ambientais, o convenio do concello de Cabanas recolle ata seis complementos, este complemento retribúe as condicións nas que a traballadora debe desenvolver o seu traballo, perigosidade, toxicidade ou penosidade, a memoria da Alcaldía non é un informe técnico, nin experto en riscos laborais e intenta xustificar a necesidade de aplicar o complemento inda que maioritariamente realiza o traballo nas oficinas municipais, resúltalle curioso que a Alcaldía queira aplicarllo a esta



## CONCELLO DE CABANAS

traballadora de maioría traballo de oficina e non llo aplique as traballados de axuda no fogar que desenvolven o traballo ao 100% con esas persoas, considera que habería que actualizar a RPT de forma global e non xerar agravios comparativos nin facer parches, por elo insta a Alcaldía a retirar este asunto da orde do día e facer unha actualización global da RPT.

A concelleira de AEC María Eva García Amor manifesta que nos últimos anos se foron actualizando complementos de traballadores, é unha reclamación que esta traballadora tiña hai tempo porque se vía agravada, alude ao escrito do Colexio oficial de traballadores sociais de Galicia, fala de desgaste psicolóxico destas traballadoras e que se modifica o módulo de financiamento dos servizos sociais comunitario e que son os concellos os que deben buscar as vías para que esta mellora de financiamento chegue aos profesionais dos servizos sociais, entende que sería necesario unha modificación da RPT pero vai apoiar a mellora dun complemento dunha traballadora que fai un traballo non solo nas oficina senón que tamén está en contacto en moitas ocasións con persoal do municipio.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña indica que se lles achega esta memoria da Alcaldía a última hora, a cantidade non é de 76,61 senón de 82,97 euros o que denota a falta de rigor da proposta, pregunta si esta proposta pasou a negociación colectiva na mesa de negociación do persoal, xa que se pode estar vulnerando a negociación colectiva, sorpréndelle aplicar a penosidade, as cuestións reais de traballo entende que non están valoradas nesta proposta, sería máis ben falar do complemento de posto, tal e como está o expediente non é aprobable.

Polo grupo Popular: o Sr. Alcalde aclara sobre a ampliación de horas a técnica social, este contrato está feito a través dunha subvención e mentres non se amplíe a subvención seguirá na situación como se quedou na Mesa de negociación, en relación coa aplicación do complemento de condicións ambientais negociouse na Mesa de negociación.

O Sr. Varela Martínez inda que non lle contestaron a súa intervención, reitera que considera unha medida discrecional e non pode votar a favor, si hai que aplicar un complemento hai que analizar quen o pode recibir e fáganse as cousas ben, insiste na solicitude de retirar o punto da orde do día.

O Sr. Alcalde non ve motivo para retirar o asunto cando teñen a maioría.

O Sr. Pérez Sardiña opina que é unha mágoa que haxa persoal a tempo parcial, agarda que si se realiza esa solicitude se poida ampliar esa xornada pero debía traerse o debate da mesa de negociación colectiva cos informes sindicais, pero aquí non hai ningún papel sobre iso, chegar con esta proposta non lle parece de recibo, fai augas por moitos sitios.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación a aplicación do complemento de condicións ambientais ao posto de Traballadora Social, resultando aprobada con nove votos a favor dos membros dos grupos Popular, Socialista e concelleira de AEC, e dúas abstencións do concelleiro do BNG e do concelleiro de PDDdG.

Seguidamente somete a votación a modificación da contía da proposta que por erro figura 76,61 en lugar de 82,97, resultando aprobada con nove votos a favor dos membros dos grupos Popular, Socialista e concelleira de AEC, e dúas abstencións do concelleiro do BNG e do concelleiro de PDDdG.

2.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2017. Dada conta polo Secretario do proxecto de orzamento municipal para o exercicio de 2017 formado polo Sr. Alcalde-Presidente deste



CONCELLO  
DE  
CABANAS

Concello, así como, do expediente tramitado para a súa aprobación e documentación anexa, cadro de persoal coa relación de postos de traballo para dito exercicio, informe de Intervención e ditame favorable da Comisión de Facenda.

Visto os requisitos que establecen os artigos 165, 166, 168 e concordantes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Vistas as emendas parciais ao orzamento municipal 2017 presentadas polo concelleiro do BNG Iago Varela Martínez, coas seguintes propostas:

Primeira.- a) Aumentar a partida de Ingresos “113.00 – IBI Urbano” en 20.000 €, até os 720.000 €.

b) Aumentar a partida de Gastos “632.01 (3300) – Mellora de edificios e outras construcións” (Escola Laica) en 20.000 €, até os 35.000 €.

De se aprobar esta emenda, solicita se leven a cabo as modificacións regulamentarias necesarias, se as houber, para a emenda poder ser efectivizada

Segunda.- a) Reducir a partida de Gastos “227.00 (1623) Limpeza e Aseo” (Tratamento de Residuos) en 10.000 € até os 120.000 €.

b) Crear unha nova partida de Gastos para realizar un “Estudo de aforro enerxético” cun orzamento de 10.000 €.

De se aprobar esta emenda, solicita se leven a cabo as modificacións regulamentarias necesarias, se as houber, para a emenda poder ser efectivizada.

Terceira.- a) Aumentar a partida de Ingresos “391.20 - Multas infraccións ordenanza de circulación” en 12.000€ até os 30.000€.

b) Aumentar a partida de Ingresos “349.00 - Outros ingresos prezos públicos” en 5.000€ até os 23.000€.

c) Aumentar a partida de gastos “472.00 - Subvencións para reducir o prezo a pagar polos consumidores” en 17.000€, até os 17.100 €, e aumentar o seu ámbito de aplicación para que cubra tamén luz e gas.

De se aprobar esta emenda, solicita se leven a cabo as modificacións regulamentarias necesarias, se as houber, para a emenda poder ser efectivizada.

Cuarta.- a) Aumentar a partida de Ingresos “332.00 - Taxas empresas explotadoras servizos de subministración” en 10.000€ até os 32.000€.

b) Aumentar a partida de Gastos “480.00 - Atencións benéficas en familias” en 10.000€ até os 13.500€

De se aprobar esta emenda, solicita se leven a cabo as modificacións regulamentarias necesarias, se as houber, para a emenda poder ser efectivizada.

Quinta.- a) Reducir a partida de Gastos “100.00 - Retribucións básicas dos membros dos órganos de goberno” en 10.000€ até os 20.000€

b) Crear unha nova partida de Gastos para realizar un “Plan de Fomento do Emprego entre a mocidade”, cun orzamento de 10.000€.

De se aprobar esta emenda, solicita se leven a cabo as modificacións regulamentarias necesarias, se as houber, para a emenda poder ser efectivizada.



CONCELLO  
DE  
CABANAS

Sexta.- a) Reducir a partida de Gastos “233.00 – Outras Indemnizacións membros da corporación” en 10.000€, até os 55.500€.

b) Aumentar a partida de Gastos “632.01 (3421) - Mellora de edificios e outras construcións” (Pavillón de Lavandeira) en 5.000€, até os 20.000€

• Crear unha nova partida de Gastos para realizar “Medidas de dinamización e promoción exterior da Feira do 21”, cun orzamento de 5.000€

De se aprobar esta emenda, solicita se leven a cabo as modificacións regulamentarias necesarias, se as houber, para a emenda poder ser efectivizada.

Vistas as emendas parciais ao orzamento de 2017 presentadas polo concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña nas que propón:

Primeira.- Reducir as partidas de asesoría externa en informática, comunicación (nova) e asesoría xurídica.

- Diminuír en 12.000 € a partida 2.22.22799, programa 9202, ficando en 1.000 €
- Diminuír en 5.000 € a partida 2.22.22799, programa 9, eliminando a partida
- Diminuír en 20.000 € a partida 2.22.22604, programa 9202, ficando en 5.000 €
- Diminuír en 22.000 € a partida 2.22.22799, programa 9392, eliminando a partida
- Destinar as baixas que suman 59.000 € á partida de infraestrutura viaria, programa 1532 pavimentación de vias municipais (investimentos reais)

Segunda.- Reducir as partidas de atencións protocolarias, publicidade e propaganda

- Diminuír en 1.500 € a partida 2.22.22601, programa 9202, ficando en 500 €
- Diminuír en 3.000 € a partida 2.22.22602, programa 9202, ficando en 1.000 €
- Destinar as baixas que suman 3.500 € á partida de emerxencia social 4.48.480, programa 2310, dotada de 3.500,00 € e pasaría a 7.000,00 €

Terceira.- Reducir a partida de Festa de Santa Marta

- Diminuír en 3.500 € a partida 2.22.22699, programa 3381 (Festa de Santa Marta), ficando en 10.000 €
- Destinar a baixa de 3.500 € á partida de emerxencia social 4.48.480, programa 2310, dotada de 7.000,00 € coa emenda anterior e que pasaría a 10.500,00 €

Cuarta.- Emenda ás Bases de execución

1ª Que a vinculación sexa á partida orzamentaria (Base 6ª).

2ª Que o expediente de transferencia, agás para gastos de persoal, sexa competencia do Pleno da Corporación (Base 10ª).

3ª Que se supriman as asignacións por asistencia a reunión de Xunta de Delegados, asistencia a reunión de órganos externos e mais a dedicación á alcaldía (Base 37ª).

Como consecuencia,

- Diminuír en 30.000 € a partida 1.10.100.100.00, programa 9120. Destinar esta baixa a investimentos reais, no programa 1610 de abastecemento domiciliario co fin de repoñer tubaxes de fibrocemento.

- Diminuír en 10.000 € a partida 1.16.160.160.00, programa 9120. Destinar esta baixa a emerxencia social 4.48.480, programa 2310, dotada de 10.500,00 € coa emenda anterior e que pasaría a 20.500,00 €



CONCELLO  
DE  
CABANAS

- Diminuír en 39.000 € a partida 2.23.230.230.00, programa 9120. Destinar esta baixa a investimentos reais, no programa 1532 de pavimentación de vías públicas.
- Quinta.- Incluír a seguinte relación de investimentos reais
  - Saneamento a Irís (A Caneta, Lugar de García, Os Currás, A Fonte, A Igrexa, Traseiras e Balvís)
  - Saneamento a Santa Cruz do Salto (O Alto, Os Ribas, O Cotiño, Os Bouces, O Feal, Os Martices e O Igraxario)
  - Saneamento ao Salto de Irís (Salto de Riba e Salto de Baixo)
  - Abastecemento a Irís (A Caneta, Lugar de García, Os Currás, A Fonte, A Igrexa, Traseiras e Balvís)
  - Recollida de augas e aglomerado do Camiño dos Chaos (Laraxe) e do Camiño Vello (Travesía do Peón).
  - Recollida de augas e aglomerado do Camiño de Val de Baixo (Porto) e Camiño do Batán (Porto).
  - Reparación do saneamento, recollida de augas e aglomerado do camiño das Viñas (rúa das Viñas) e do Camiño Vello (rúa Campo do Oito).
  - Recollida de augas e reposición de firme da rúa de Abaixo.
  - Recollida de augas e zahorrado do Camiño do Covo (Pedreiras, Laraxe).
- Sexta.- Reducir as partidas de paseos en gamela
  - Diminuír en 1.900 € a partida 2.21.210.00, programa 4321, ficando en 100 €
  - Diminuír en 19.900 € a partida 2.22.22699, programa 4321, ficando en 100 €
  - Diminuír en 7.000 € a partida 2.22.22799, programa 3421, ficando en 1000 €
  - Destinar as baixas que suman 28.800 € a unha nova partida de protección e xestión do patrimonio Histórico-Artístico, relativa ao programa 336

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Socialista: o voceiro Delfín Feal Pereira considera que os debates sobre os orzamentos suscitan moita demagogia, mantivo conversas co Sr. Alcalde reiteradas veces, nun sentido estrito ve que as emendas piden aumento dunhas partidas e diminución doutras, en partidas concretas son xustificables, en asignacións a órganos de gobernos refírese a proposta presentada no pleno de organización, bota en falta que non falen da xestión da oposición, en investimentos eses servizos hai que levalos adiante, o das asesoría se pode estudar; este ano as propostas do grupo socialista foron recollidas: cubrir prazas vacantes, aumentar en servizos sociais inda que lle parece insuficiente, aumentar en formación dos traballadores e a larga prescindir de empresas externas, adquisición de maquinaria para aforrar horas de traballo do persoal, e logo non poden votar e contra doutras partidas como terreos depuradora e arranxo camiños que se poden implementar con subvención da Deputación ou das Consellerías, sen esquecer a partida para indemnizacións afectados do Penso.

Polo grupo Míxto: a concelleira de AEC María Eva García Amor entende que a realización dos orzamentos é un dos asuntos de maior responsabilidade e para que sexan equilibrados baséanse nos do ano anterior coas modificacións necesarias dentro da estabilidade orzamentaria, representan un traballo e esforzo de tódolos traballadores do concello que se lle fai máis patente dende que ten



## CONCELLO DE CABANAS

a delegación de servizos; os orzamentos deben ser estudados e meditados, non é cousa dunha semana; na comisión de Facenda da semana pasada non houbo ningún tipo de proposta por ningún dos membros da oposición, propóñense agora a última hora e poderían haber traballado; desde AEC están satisfeitos como se fixeron estes orzamentos, alude a mellora no abastecemento de auga, maquinaria para obras e servizos, mellora iluminación pública e cubrir as prazas vacantes que resulta imprescindible, tamén se vai ter en conta as propostas de Somos Cabanas nalgún caso se poden incluír.

Polo grupo Popular: manifesta que o documento económico do Concello para 2017 son os orzamentos, elaborados polo equipo de goberno atendendo as demandas e necesidades trasladadas polos veciños e dos grupos municipais con representación na Corporación; estes orzamentos inciden en políticas de servizos sociais, cultura ou deporte, atenden a necesidades dos colectivos máis vulnerables e avanza en novos retos. Destaca que é o primeiro non condicionado polas sentenzas do Penso xa que se incorporarán os remanentes de 2016, desaparecen as reclamacións de Viaqua despois da última sentenza xudicial inda que a intención é traballar para adaptar as ordenanzas a lei, pois estamos coas tarifas de 2000 e Viaqua pretendía subir o IPC desde 2003 sen presentar custo do servizo nin conta de explotación, cunha reclamación sobre 800.000 euros; en relación cos ingresos séguese mantendo o criterio dos últimos anos, e no relativo a gastos, fai referencia a incremento partida formación persoal, programa de actividades de servizos sociais familia, mocidade, conciliación, terceira idade, axuda no fogar, emerxencia; destaca os obradoiros de emprego con outros concellos e programas emprego, promoción de actividades culturais e deportivas, acondicionamento escola laica, colaboración con asociacións culturais e deportivas, melloras instalacións deportivas; alude tamén actuacións en materia de turismo para situar a Cabanas en destino de primeiro nivel colaborando con concellos do entorno, praia, fragas do Eume, rotas en barco, rotas sendeirismo, miradores, etc. e por último refírese a investimentos en infraestruturas así como equipamento para mellora administrativa; en resumo considera que son os mellores orzamentos posibles para 2017 no contexto actual, realistas, equilibrados e que permitan ao Concello continuar ofrecendo servizos de calidade a veciñanza.

O Sr. Feal Pereira sinala que o orzamento é a base para arrancar o traballo para 2017, reitera que se recollen moitos puntos do grupo socialista, as partidas poden modificarse e para iso o grupo de goberno vai contar co talante dialogante do grupo socialista, pide que sega habendo diálogo e consensuar as obras e posibles subvencións, van absterse porque inda que coinciden na maior parte a acción de goberno é doutra ideoloxía e tampouco poden votar en contra porque sería dicir non a revalorización de salarios dos traballadores despois de aprobar a modificación da RPT, así como, saneamento en Lavandeira e arranxo de camiños.

O concelleiro do BNG Iago Varela Martínez, solicita aclaración da Presidencia sobre si se está no debate das emendas e despois o debate da globalidade ou si presente que se faga o debate global agora.

O Sr. Presidente aclara que o debate é global, vótase indistintamente pero o debate é global.

Prosegue o Sr. Varela Martínez refírese a Sra. García Amor como a portavoz do PP bis, antes coñecida como AEC, indicándolle que o BNG presentou por rexistro o día anterior "Propostas para a súa consideración na comisión de Contas, Facenda e Persoal do 28-12-2016 en relación co orzamento municipal para o ano 2017", ela era unha das persoas que tiña voz e voto nesa comisión; en canto a emendas presentadas, manifesta estar a favor de solicitar solo subvencións



## CONCELLO DE CABANAS

que axuden a mellorar os servizos e instalacións do Concello, os 15.000€ de escola laica non chegan para empezar, non lle parece mal que haxa barco turístico pero que non xere gasto ao Concello, non hai ningunha partida para fomento do emprego, no soldo da Alcaldía o Pleno debe poñerse de acordo nos mínimos e non defender o que lle ven ben polo situación persoal ou profesional; en canto as emendas presentadas polo Sr. Pérez Sardiña, na 1ª falta o plan da Deputación que pode incluír investimentos en estradas, está de acordo cos incrementos da 2ª e 3ª non de onde saen os cartos, cita o caso de Santa Marta; a 4ª coincide en parte coa do BNG, e na 5ª e 6ª volve a ter dúbidas, faltan os plans da Deputación, e o barco debe ser sostible. En canto a globalidade, alude a reunión de voceiros o día 23 coa previsión de comisión para o 27 e logo foi o 28, enviáronlle documentación con apenas 24 horas, tratando de que canto menos se poida ver o que propoñen mellor, este é o talante do bipartito PP-AEC, estes orzamentos adoecen defectos básicos como a falta da inclusión do POS, a previsión de ingresos volve a ser irreal, gasto desproporcionado, incrementan asignacións a membros do Goberno por incorporación de AEC, contías irrisorias en servizos sociais, non hai fomento emprego, pregunta que se pode agardar dun goberno que da dous días para estudo a oposición, sen programa emprego a xuventude, pobreza enerxética, vostedes con este orzamento non queren un concello mellor senón deixar pasar o tempo e mentres tanto ir cobrando por non facer nada, vai sendo hora de que se poñan a traballar.

A Sra. García Amor opina que o Sr. Varela Martínez está a demostrar o respecto que ten aos seus compañeiros, AEC ten unha concelleira por votación dos veciños de Cabanas, polo tanto estalle faltando a xente que a votou, hai un bipartito en moitos concellos e ninguén falta ao respecto; na comisión propoñía unha serie de modificacións sen ningunha base, agora a última hora trae cousas máis traballadas e pregunta porque non se trouxeron a tempo as propostas que tivo dos veciños, solo ten afán de protagonismo. Entende que cando dous grupos teñen responsabilidade de facer os orzamentos o farían segundo as súas ideoloxías e prioridades, as partidas principais están realizadas con coherencia, se foron facendo deste tódalas áreas do Concello e tamén as propostas de partido socialista e AEC, non cousas de última hora para a prensa.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña non lle gusta ver a oposición enfrontada e tampouco como se levou isto, gustaríalle unha alternativa de goberno, alude a proposta presentada en novembro rexeitada polo PP para que non soberan as cousas, como queren que faga emendas sen coñecer o estado de execución, nin bases, nin propostas de obras e servizos, agora en menos de 48 horas témolo que facer así, o Alcalde nin preguntar si tiñamos algunha proposta, presentou as propostas cando tiña posibilidade de facelo para deixar clara a súa posición e atender demandas de veciños, o informe de Intervención ten que chegar antes, así non poden chegar as cousas ao Pleno, chamóuselles a xunta de voceiros cando xa estaba todo pechado; está facendo emendas practicamente a totalidade do que se pode redistribuír, respectan moitas propostas de vostedes na xunta de voceiros e da comisión pero nos tamén temos dereito a propoñer porque tamén representamos a veciños/as, cando haxa cousas boas para veciños estaremos de acordo e cando non vexamos cousas boas para os veciños dicímosllo e presentamos alternativas, o dos orzamentos é un pleno importante que require tempo, nin iso nos queren deixar.

O Sr. González López reitera que este é un documento que vai marcas as liñas do Concello de Cabanas durante o próximo ano, elaborouno o equipo de goberno intentando atender a demanda e necesidades trasladadas por veciños/as e tamén as propostas dos grupos municipais dentro das marxes posibles, por elo pide o voto favorable.



## CONCELLO DE CABANAS

O Sr. Alcalde aclara que a emenda 1 do Sr. Pérez Sardiña pon unhas cifras que non son certas, non queren que ocorra o que no seu día sen defender ao Concello por non ter un equipo xurídico, non ten problema pola páxina web, si se puidera sacaría unha praza pero non hai medios e hai unha lei de transparencia que hai que cumprir. En relación as subas en partidas que propón o BNG hai pouco tempo dicía que os orzamentos estaban inflados e agora quere inflarnos os orzamentos de ingresos por ser cautelosos e non aumentar partidas sen ter claro o que se vai ingresar.

A continuación o Sr. Presidente indica que se van someter a votación as emendas en bloque.

O Sr. Varela Martínez pide que se vota emenda por emenda, son documentos diferentes.

O Sr. Presidente propón votar si se votan as emendas agrupadas ou por separado.

O Sr. Pérez Sardiña pide a palabra por cuestión de orde indicando que é o propoñente o que ten que determinar como se vota, o propoñente ten a potestade si se vota de forma conxunta ou separada.

O Sr. Presidente sinala que ten a potestade de como se vai a votar, vaise someter a votación si as emendas se votan en conxunto ou por separado,

O Sr. Pérez Sardiña manifesta que iso non procede.

O Sr. Presidente somete a votación a proposta de votar as emendas en conxunto, separando as do BNG e as de PDDdG, resultando aprobada con seis votos a favor dos membros do grupo Popular e concelleira de AEC, dous en contra dos concelleiros do BNG, e tres abstencións dos membros do grupo Socialista.

O Sr. Pérez Sardiña pide que conste en acta a súa protesta pola vulneración de dereitos básicos.

A seguir, sométese a votación as emendas presentadas polo concelleiro do BNG, resultando rexeitas con dous votos a favor dos concelleiros do BNG e concelleiro de PDDdG, seis en contra dos membros do grupo Popular, e tres abstencións dos membros do grupo Socialista.

Sometidas a votación as emendas presentadas polo concelleiro de PDDdG, resultan rexeitadas con dous votos a favor dos concelleiros do BNG e concelleiro de PDDdG, seis en contra dos membros do grupo Popular, e tres abstencións dos membros do grupo Socialista.

Despois de rexeitadas as emendas, a Presidencia somete a votación o orzamento municipal para o exercicio 2017, e o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con seis votos a favor dos membros dos grupo Popular e concelleira de AEC, dous en contra do concelleiro do BNG e do concelleiro de PDDdG, e tres abstencións dos membros do grupo Socialista, acorda:

1º.-Aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2017, con un importe total tanto en gastos coma en ingresos de dous millóns setecentos setenta e un mil cincocentos cinco euros (2.771.505,00 euros) co seguinte resumo por capítulos:

### ESTADO DE GASTOS:

Capítulo	Denominación,	Consignación
	1. Operacións non financeiras	
	1.1 Operacións correntes	
1	Gastos de persoal	861.867,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.454.300,00
3	Gastos financeiros	10.100,00
4	Transferencias correntes	63.180,00





CONCELLO  
DE  
CABANAS

5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.000,00
	1.2 Operacións de capital	
6	Investimentos reais	292.066,00
7	Transferencias de capital	0,00
	2. Operacións financeiras	
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	20.000,00
	Total orzamento de gastos	2.704.513,00

ESTADO DE INGRESOS:

Capítulo	Denominación	Consignación
	1. Operacións non financeiras	
	1.1. Operacións correntes	
1	Impostos directos	1.033.300,00
2	Impostos indirectos	60.000,00
3	Taxas e outros ingresos	500.400,00
4	Transferencias correntes	1.055.740,00
5	Ingresos patrimoniais	2.100,00
	1.2 Operacións de capital	
6	Alleamento de investimentos reais	00,00
7	Transferencias de capital	51.873,00
	2. Operacións financeiras	
8	Activos financeiros	00,00
9	Pasivos financeiros	1.100,00
	Total orzamento de ingresos	2.704.513,00

2º.-Aproba-las bases de execución do mencionado orzamento.

3º.-Aproba-lo cadro de persoal para 2017 e relación de postos de traballo de persoal funcionario e laboral, coa valoración correspondente de niveis, retribucións complementarias e características establecidas na vixente RPT e modificación aprobada no punto anterior.

4º.-Someter a información pública o orzamento aprobado polo prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, segundo dispón o artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5º.-No suposto de non presentarse reclamacións contra o devandito orzamento e cadro de persoal, consideraranse definitivamente aprobados debendo cumprirse o trámite da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, do resumo por capítulos xunto co cadro de persoal, de acordo co disposto nos artigos 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril e 169.3 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

6º.-Remitir copia do orzamento mencionado á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma de Galicia.



CONCELLO  
DE  
CABANAS

Segundo. Iniciar expediente de contratación das referidas obras segundo as normas establecidas no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Visto que iniciado o expediente de contratación incluíuse o proxecto técnico aprobado, co informe técnico e asesoría xurídica, redactouse o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras, considerando como máis axeitado o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, incorporando copia da sentenza, informes de Intervención e Secretaria sobre existencia de crédito, lexislación aplicable e tramitación a seguir.

Visto o ditame favorable da comisión de Contas, Facenda e Persoal.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo Mixto: o concelleiro do BNG Iago Varela Martínez indica que na convocatoria non se lle enviou a documentación e polo tanto pide a retirada deste punto da orde do día.

O Sr. Alcalde recórdalle que hai uns trámites urxentes a través do xulgado que os hai que executar de acordo coa sentenza.

O concelleiro de PDDdG Xosé Manuel Pérez Sardiña protesta pola intervención do Sr. Alcalde, quen lle resposta que simplemente lle contestou, preside a mesa e é quen ten dereito a dar ou sacar a palabra.

O Sr. Pérez Sardiña en relación co asunto, manifesta que no expediente que estaba en Secretaría o puideron consultar e estaba completo, si o proxecto non cumpre a sentenza a que ven sacalo para adiante?, as sentenzas hai que cumprilas e non sabe onde levaran a este Concello, o técnico municipal xa ditaminou con total claridade dicindo que non cumpría a sentenza, é unha incerteza para os veciños e pode repercutir negativamente ao Concello, chama a cordura e que deixen o tema como solicitou o compañeiro, sobre da mesa por estes motivos, deben rectificar o que está mal feito.

O Sr. Alcalde indícalle que tivo oportunidade de arranxar iso de 2000 a 2005 e non fixo nada, o informe do arquitecto está claro onde di que o Concello non defendeu a denuncia e que a ordenanza que se intenta aplicar non é de aplicación nese edificio, cunha denuncia sinxela xa non cumpriría, vaise encargar cando sexa necesario enviar ao xulgado de facer un informe co redactor das Normas Subsidiarias de 1987 e xustificar que alí o que hai que facer é a ordenanza D, ademais hai varios edificios con licenza con esa ordenanza, deixe seguir traballando e de poñer trabas, hai que cumprir as sentenzas e uns expedientes a pechar cando se terminen as obras para mandar ao tribunal que é o que vai decidir e teremos que defendelo mellor que nos anos 92, 93, 94, 95, pero hai que mirar para adiante, póñanse de parte do Concello para solucionar o problema da sentenza e dos veciños para que queden o menos prexudicados posible, vamos a solucionar o problema como se fixo con Viaqua.

O Sr. Pérez Sardiña en relación con Viaqua recórdalle que presentaron unha proposta de modificación taxas e volvéronse atrás, para adiante e para atrás o mesmo que co Penso, tamén ía soterrar o tren, leva nove anos e inda non solucionou o problema, insiste no informe do arquitecto municipal e a consecuencia de trasladar ese informe ao tribunal pode ser moi grave, vostede fala de aplicar a ordenanza E e eu fállolle de aplicar a sentenza, e senón se quere aplicar a sentenza primeiro haberá que dicirlllo ao tribunal, non despois de facelo, en canto ao ano 2000 hai un estudo feito polo Concello, revíseno porque non coincide co que están facendo.



CONCELLO  
DE  
CABANAS

O Sr. Alcalde manifesta que no ano 2011 empezaron coas taxas da auga para solucionar o problema con Viaqua e para sacar a nova tarifa por consumo real hai que presentar estudo de custos e conta de explotación, cousa que nunca presentaron, querían negociar a ampliación, vostede a Sra. Gayoso Pereiro estaban naquela Corporación; en canto ao Penso presentáronse os proxectos no TSXG, non houbo alegacións e son os mesmos que se van executar, a asesoría xurídica funciona e traballa, senón habería que cambiar pero o Concello ten que defenderse.

Debatido o asunto o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con cinco votos a favor dos membros do grupo Popular, dous en contra do concelleiro do BNG e do concelleiro de PDDdG, e catro abstencións dos membros do grupo Socialista e concelleira de AEC, acorda:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, e tramitación urxente, para a obra consistente en Execución sentenza recurso contencioso-administrativo 02/0004055/1993, do edificio O Penso 2ª fase, convocando a súa licitación.

Segundo. Autorizar, en contía de 378.276,13 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación de referencia, con cargo á aplicación orzamentaria 1511.69901 do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2016.

Terceiro. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obras consistente en Execución sentenza recurso contencioso-administrativo 02/0004055/1993, do edificio O Penso 2ª fase, por procedemento aberto oferta máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente.


Cuarto. Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* e no Perfil de contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de trece días poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

Quinto. Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

A continuación a Presidencia levanta a sesión sendo as doce horas e cinco minutos da cal estendo a presente acta, e do que eu Secretario, dou fe.

Vtº e praxe.

O Alcalde



O Secretario

